

# CLOSE

Lukas Dhont, 2022

# 1032

---

ESTREA EN NUMAX: 25.11.2022 | V.O.S.G. | 105 min | +12

O filme explora a estreita amizade entre dous rapaces de trece anos, Léo e Rémi, en plena transición cara a adolescencia. Tratando de entender o que foi mal entre ambos, Léo buscará consolo e comprensión na nai de Rémi, Sophie. Producirase unha viaxe de perdón, vulnerabilidade e amor.

«Con exemplar delicadeza, o cineasta belga explica moi ben como as asignacións dos roles de xénero poden afectar a vida da xente nova»

Sergi Sánchez, LA RAZÓN



## Entrevista con Lukas Dhont: «Anotei no papel: amizade, intimidade, medo, masculinidade... e de aí xurdiu Close»

**Tras a brillante acollida da súa ópera prima *Girl*, primeiro en Cannes en maio de 2018 e logo a nivel mundial, cando tivo a oportunidade de empezar a pensar a seguinte película como realizador?** Despois de Cannes, estiven de xira coa película durante uns 18 meses. Proxectámola por todas partes: en Toronto, Telluride, Tokio... e en moitísimas outras cidades. Ademais, a película foi seleccionada como candidata belga ao Óscar en lingua estranxeira, así que pasei moito tempo en Estados Unidos. Como primeira experiencia foi moi emocionante, pero tamén esgotadora. Debín pasar por todos os altibaixos emocionais durante ese período. Cando chegou o momento de pasar a outra cousa, tiven que esquecerme da película, deixala no pasado, como unha parte de min. Cando finalmente volví a casa e sentei fronte a unha páxina en branco, foi todo un shock. Tiña que pensar nun tema do que puidese falar coa mesma paixón e, en certo xeito, retomar o que empezara con *Girl*. Descubrí o cinema a través da miña nai, que adoraba a película *Titanic* (James Cameron, 1997) e os meus posteriores estudos de cinema. Non tardei en darme conta de que quería facer películas íntimas e persoais. Quería tentar explorar cousas que me inquietaban na miña infancia e adolescencia. En *Girl*, a miña intención era falar da identidade e da dificultade de ser un mesmo nunha sociedade abafada polas normas sociais, as etiquetas, os clixés. *Girl* era tamén unha película física, que se centraba nunha loita externa e interna, e quería seguir explorando o tema da identidade e o conflito que xorde por como te perciben os demais. Sobre todo, quería falar dun tema profundamente persoal.

**De onde xurdiu a idea de contar esta historia de amizade?** Explorei varias ideas, pero estaba un pouco perdido. Entón, un día, fun visitar a miña antiga escola primaria, na vila onde medrei. Viñéronme á cabeza os recordos da escola daquela época, na que era moi difícil ser eu mesmo, sen filtros. Os mozos comportábanse dunha maneira, as mozas doutra, e eu sempre sentía que non pertencía a ningún grupo. Empecei a poñerme nervioso coas amizades que tiña, especialmente cos rapaces, porque eu era efeminado e había moitas burlas. Ter unha relación estreita con outro mozo só parecía confirmar as suposicións que os demais tiñan sobre a miña identidade sexual.

Unha das miñas antigas profesoras, que agora é a directora, rompeu a chorar ao verme regresar alí. A reunión do colexio foi especialmente emotiva e os recordos dos que falamos non foron todos felices. Aínda hoxe sigo asimilando os dolorosos anos da escola primaria e secundaria, sen querer parecer dramático de máis. Así que tentei escribir estes sentimentos e expresar algo sobre ese mundo desde a miña propia perspectiva. Puxen algunhas palabras no papel: amizade, intimidade, medo, masculinidade... e de aí xurdiu *Close*. O guión empezou a tomar forma tras as conversas con Angelo Tijssens (o meu compañeiro de escritura en *Girl*).

**Tiña en mente desde o principio incluír un ton "tráxico"?** Non, iso veu despois. Con todo, a miña intención era facer unha película que rendese homenaxe aos amigos cos que perdera o contacto, pola miña propia culpa, porque mantiven a distancia e sentíame coma se os tivera traizoado. Foi unha época confusa e pensei que era o mellor que podía facer. Ademais, quería falar da perda dun ser querido e da importancia do tempo que pasamos cos que amamos. A historia baséase esencialmente na ruptura dunha relación íntima e o consecuente sentimento de responsabilidade e culpa. Nalgúns aspectos é o inicio da viaxe cara á adolescencia. Quería falar desa pesada carga que levamos cando sentimos responsables de algo pero non somos capaces de falar diso. Léo, o protagonista, enfróntase a este sentimento provocado pola perda dunha amizade moi próxima que define a súa identidade; quería mostrar en pantalla que é o que lle rompe o corazón.